

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 16 de maio de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos minutos do día dezaseis de maio do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de *Rafael Domínguez Artime*, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *María Nava Castro Domínguez*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente *Luis López Diéguez* e os deputados *Roberto José Álvarez Carrero* e *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, está presente o deputado *Marcos Guisasola Padín*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35211.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 9 de maio de 2025.

2.35212.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2025 (EXPTE.2024084046)

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2025, aprobou as bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 (BOPPO núm. 45 de 6 de marzo de 2025)

Esta convocatoria ten por obxecto regular e conceder axudas económicas ás actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen os concellos no seu termo municipal dirixidas a promover, fomentar e difundir o emprego da lingua galega.



A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrncia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- Publicidade, concorrncia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

De acordo coa base cuarta da convocatoria, as concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 25/334.3340.462.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2025 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000) euros.

A axuda para realizar de actividades de dinamización da lingua dirixidas aos concellos non poderá superar o 75 % do orzamento presentado para levalas a cabo.

Esta asignación contempla o establecido no artigo 7.c) da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Poderán beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.

Recibidas un total de 43 solicitudes, desestímanse os expedientes 2025022845 de concello de Gondomar por non cumprir coa base sétima (Actividades non subvencionables) e 2025021792 do concello de Cambados, xa que presenta dúas solicitudes polo que, a petición do propio concello, se desestima por duplicidade.

Con data 22 de abril de 2025, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe para fiscalización previa das 41 solicitudes recibidas en prazo para o programa indicado, con CSV: 5CJQLYBGHPQTE0VS, en virtude do disposto na base décimo cuarta: Instrución e resolución do procedemento da bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 que se citan a continuación.

Exped..	NIF/CIF	Concello	Asunto	Orzamento	Solicitud	Valor.	Asignado	%
2025021721	P3600200D	BARRO	DÁNDOLLE Á LINGUA 2025	5.505,89 €	4.129,42 €	77	4.129,42 €	75,00
2025022192	P3600400J	BUEU	OS BOLECHAS EN BUEU	6.708,00 €	3.483,00 €	66	3.483,00 €	51,92
2025022830	P3600500G	CALDAS DE REIS	POÑENDO LUZ AO GALEGO	12.907,07 €	7.090,00 €	103	5.886,84 €	45,61
2025020684	P3600600E	CAMBADOS	MULLERES DO MAR	6.552,00 €	4.910,00 €	59	3.372,07 €	51,47
2025015888	P3600900I	CAÑIZA, A	LETRAS GALEGAS 2025	2.398,31 €	1.798,73 €	76	1.798,73 €	75,00
2025020627	P3601000G	CATOIRA	CICLO DE CINE EN GALEGO EN CATOIRA: PROMOVENDO A LINGUA E A CULTURA	2.453,88 €	1.840,41 €	34	1.840,41 €	75,00
2025022466	P3600048G	CERDEDO-COTOBADE	CERDEDO-COTOBADE EN GALEGO	5.445,00 €	4.083,75 €	54	3.086,30 €	56,68



2025022120	P3601300A	COVELO	INICIACIÓN Á CREACIÓN DE XOGOS DE MESA EN GALEGO	4.537,50 €	3.403,13 €	49	2.800,53 €	61,72
2025022834	P3601500F	CUNTIS	PROXECTO #FAIOGALEGOVIRAL	2.828,98 €	1.555,94 €	38	1.555,94 €	55,00
2025021116	P3601700B	ESTRADA, A	PREMIOS LITERARIOS 2025	15.500,00 €	11.625,00 €	152	8.687,37 €	56,05
2025019169	P3601900H	FORNELOS DE MONTES	PREMIOS DE POESÍA E XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY "CAUSA LUEIRO 2025"	5.921,10 €	4.440,82 €	74	4.229,38 €	71,43
2025018590	P3602200B	GROVE, O	PROXECTO "LINGUA E CINEMA"	3.850,00 €	2.850,00 €	44	2.514,77 €	65,32
2025022831	P3602300J	GUARDA, A	FESTA DAS LETRAS 2025	6.612,65 €	4.959,48 €	59	3.372,07 €	50,99
2025015886	P8600004I	ILLA DE AROUSA, A	LECTURA DO LIBRO EN GALEGO DE CARLOS LABRAÑA E ADAPTACIÓN TEATRAL	1.300,00 €	585,00 €	43	585,00 €	45,00
2025022476	P3602400H	LALÍN	RONSEL LALÍN	3.921,27 €	2.940,00 €	50	2.857,69 €	72,88
2025019174	P3602500E	LAMA, A	O GALEGO EN-CANTA NA LAMA II EDICIÓN	1.428,10 €	928,26 €	38	928,26 €	65,00
2025020645	P3602600C	MARÍN	MAC MARIN (JOHN BALAN FEST) E O FESTIVAL CINE NO MAR MARÍN (DO MUSEO DO MAR)	3.359,50 €	2.519,63 €	34	1.943,23 €	57,84
2025022856	P3602800I	MEIS	ESPECTÁCULO DE MONICREQUES MUSICAL "OS CONTOS DO LOBICÁN"	2.178,00 €	1.633,50 €	34	1.633,50 €	75,00
2025015887	P3602900G	MOAÑA	PROGRAMA 21 DÍAS EN GALEGO	13.678,10 €	10.258,58 €	168	9.601,84 €	70,20
2025022893	P3603000E	MONDARIZ	O MES DA NOSA LINGUA	7.424,62 €	5.568,46 €	76	4.343,69 €	58,50
2025019171	P3603200A	MORAÑA	"MERCA EN MORAÑA, SINTE O GALEGO"	6.872,80 €	5.154,60 €	62	3.543,53 €	51,56
2025022463	P3603300I	MOS	AS CANTAREIRAS DE MOS	3.490,29 €	2.617,71 €	39	2.229,00 €	63,86
2025022202	P3603400G	NEVES, AS	AS NEVES EN GALEGO, 2025	3.901,04 €	2.925,78 €	40	2.286,15 €	58,60
2025022117	P3603600B	OIA	PROXECTO AUDIOVISUAL: UN CAMIÑO BEN TEMPERADO 2025	3.010,00 €	2.257,50 €	39	2.229,00 €	74,05
2025018908	P3603700J	PAZOS DE BORBEN	OBRAIDRO DE CREACIÓN LITERARIA E CERTAME DE RELATO CURTO	8.500,00 €	6.375,00 €	96	5.486,76 €	64,55
2025022832	P3604100B	POIO	"PALCO DAS LETRAS"	6.838,64 €	5.128,98 €	64	3.657,84 €	53,49
2025022189	P3604200J	PONTEAREAS	FOMENTO DO EMPREGO DO GALEGO NO AMBITO COMERCIAL E SOCIOECONOMICO DO CONCELLO PONTEAREAS	7.260,00 €	5.445,00 €	119	5.445,00 €	75,00
2025015889	P3604300H	PONTE-CALDELAS	ACTUACIÓNS DO ESPECTÁCULO A COVA DAS LETRAS: PEPA A LOBA	4.840,00 €	3.630,00 €	49	2.800,53 €	57,86
2025018513	P3604400F	PONTECESURES	CAMPANA DE NADAL: O TEU COMERCIO, A TUA LINGUA, O TEU AGASALLO	2.957,24 €	2.217,93 €	31	1.771,77 €	59,91
2025022196	P3603900F	PORRIÑO, O	ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN, DIFUSIÓN E CONMEMORACIÓN DAS LETRAS GALEGAS	7.518,38 €	5.638,79 €	100	5.638,79 €	75,00
2025013688	P3604500C	REDONDELA	PROXECTO DE FOMENTO DO GALEGO ORAL "UNHA SEMANIÑA ENTEIRA"	12.732,70 €	9.549,52 €	154	8.801,68 €	69,13
2025016311	P3604600A	RIBADUMIA	II ENCONTRO LITERARIO CONCELLO DE RIBADUMIA	7.050,00 €	5.287,50 €	83	4.743,76 €	67,29
2025022472	P3605000C	SALVATERRA DE MIÑO	VIVE O NADAL EN SALVATERRA. TEATRO E CONTACONTOS EN GALEGO	2.367,45 €	1.775,59 €	37	1.775,59 €	75,00



2025019166	P3605200I	SILLEDA	AULAS DE GALEGO INFANTÍS E XUVENÍS - PROGRAMA ANDURIÑA	665,00 €	498,75 €	28	498,75 €	75,00
2025022861	P3605300G	SOUTOMAIOR	PROGRAMA LETRAS GALEGAS 2025	12.616,50 €	8.074,56 €	103	5.886,84 €	46,66
2025021079	P3605400E	TOMIÑO	PROGRAMA ACTIVIDADES 17 DE MAIO (FEIRA DO LIBRO EN GALEGO, FOMENTO DO GALEGO NO COMERCIO)	6.511,29 €	4.883,47 €	69	3.943,61 €	60,57
2025021743	P3605500B	TUI	PROGRAMA "TUI EN LETRAS 2025"	8.694,82 €	4.869,10 €	101	4.869,10 €	56,00
2025022531	P3605600J	VALGA	XXVI PREMIO DE INVESTIGACION XESUS FERRO COUSELO	10.259,90 €	7.694,63 €	152	7.694,63 €	75,00
2025022473	P3605900D	VILA DE CRUCES	A LINGUA NO COMERCIO E NA HOSTALARIA	1.573,00 €	1.179,75 €	26	1.179,75 €	75,00
2025016393	P3605800F	VILABOA	DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA CON ECOPERSONAXES DE CONTO	3.270,90 €	2.453,18 €	35	2.000,38 €	61,16
2025021170	P3606000B	VILAGARCIA DE AROUSA	PROGRAMA DE ACTIVIDADES LITERATOUR 2025	6.490,00 €	4.867,50 €	97	4.867,50 €	75,00

Fiscalizadas as correspondentes solicitudes, emítese pola área de Intervención con data 2 de maio de 2025, informe favorable (CSV: 7ZP37L4HHKQ781RZ) sobre existencia de consignación, por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 25/334.3340.462.04.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, sometese á aprobación a proposta de concesión de bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 dos concellos que se relacionan e que figuran con CSV: 5LBOAWDGBTQ97IGR

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG)
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS)
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local



- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Bases de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En relación coas competencias para a defensa e a promoción da lingua e da cultura galegas, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia determínase a obriga dos poderes públicos de potenciar a utilización do galego en todas as esferas da vida pública, cultural e informativa, e de dispoñer os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma.” No artigo 4.1 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”

No artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que “o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local.”

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: “É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.”

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a proposta de concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025 dos concellos que se relacionan e que figuran con CSV: 5LBOAWDGBTQ97IGR



3.35213.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO EN LUGAR DE PARADA. A PORTELA. CONCELLO DE BARRO. PONTEVEDRA” (EXPTE.2025018551)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 25/03/2025, mediante rexistro WEB2025021573, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de BARRO* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 115.726,81 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*SANEAMENTO EN LUGAR DE PARADA. A PORTELA. CONCELLO DE BARRO. PONTEVEDRA*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, de ADIF, así como o pronunciamento de Augas de Galicia sobre a declaración responsable presentada polo concello ante dito organismo.
- As devanditas autorizacións, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 27/03/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 27/03/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Barro*, CIF: P3600200D, unha subvención por importe de 115.726,81 euros co obxecto do financiamento do investimento “SANEAMENTO EN LUGAR DE PARADA. A PORTELA. CONCELLO DE BARRO. PONTEVEDRA” (exp: 2025018551)”, cuxo orzamento ascende a 115.726,81 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, de ADIF, así como o pronunciamento de Augas de Galicia sobre a declaración responsable presentada polo concello ante dito organismo. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Barro*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.35214.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO REFORMA DE VESTIARIOS NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL” (EXPTE.2025003693)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrência non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Caldas de Reis o importe que lle corresponde é de 135.542,23€.
- En data 22/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025004210) dunha petición do Concello de Caldas de Reis, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 135.542,23€, con destino ao financiamento do investimento denominado “PROXECTO REFORMA DE VESTIARIOS NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL”, cun orzamento total de 204.919,53 € que se completa cunha achega do concello de 69.377,30 €.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 27/01/2025 CSV: UGOH8GIOMZPGSZQ6

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Caldas de Reis relativa ao financiamento do investimento denominado “PROXECTO REFORMA DE VESTIARIOS NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 135.542,23 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito, INFORMO FAVORABLEMENTE o expediente e a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Caldas de Reis*, CIF P3600500G a cantidade de 135.542,23 € con destino ao financiamento do investimento “PROXECTO REFORMA DE VESTIARIOS NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento total de 204.919,53 € que se completa cunha achega do concello de 69.377,30 €.
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.24 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Caldas de Reis*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



5.35215.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA INFRAESTRUTURAS E PAVIMENTACIÓN RUA FONTE DO GALO” (EXPT.E.2025020628)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024203, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de CANGAS* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 240.392,44 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*MELLORA INFRAESTRUTURAS E PAVIMENTACION RUA FONTE DO GALO*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- A devandita autorización e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27^a do Plan.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA
NORMATIVA EXAMINADA**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 04/04/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF: P3600800A, unha subvención por importe de 240.392,44 euros co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA INFRAESTRUTURAS E PAVIMENTACION RUA FONTE DO GALO” (exp: 2025020628)”, cuxo orzamento ascende a 240.392,44 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude así como o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cangas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.35216.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “TRANSFORMACIÓN DA MOBILIDADE NAS GRUNCHEIRAS” (EXpte.2025020626)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024195, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de CANGAS* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 244.528,92 euros, co obxecto do financiamento da actuación “TRANSFORMACION DA MOBILIDADE NAS GRUNCHEIRAS”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Economía e Industria e a autorización da Zona Hidrográfica de Galicia Sur (Augas de Galicia).
- As devanditas autorizacións e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 16/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/04/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF: P3600800A, unha subvención por importe de 244.528,92 euros co obxecto do financiamento do investimento “TRANSFORMACION DA MOBILIDADE NAS GRUNCHEIRAS” (exp: 2025020626)”, cuxo orzamento ascende a 244.528,92 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Economía e Industria e a autorización da Zona Hidrográfica de Galicia Sur (Augas de Galicia) así como o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cangas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.35217.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CUNTIS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO EN COUSELO. PLAN + PROVINCIA 2025”(EXPTE.2025020475)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
 - Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
 - En data 31/03/2025, mediante rexistro WEB2025023698, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de CUNTIS* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 114.798,99 euros, co obxecto do financiamento da actuación “SANEAMENTO EN COUSELO. PLAN + PROVINCIA 2025”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
 - O orzamento de 114.798,99 euros contempla 106.667,79 euros de execución de obra, 4.428,60 euros de honorarios de redacción de proxecto, 2.964,50 euros de honorarios de dirección de obra e 738,10 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
 - Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
 - Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
- Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de Augas de Galicia.
- A devandita autorización, xunto coa acta de trazado previo (anexo III) e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 01/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 04/04/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cuntis*, CIF: P3601500F, unha subvención por importe de 114.798,99 euros co obxecto do financiamento do investimento “SANEAMENTO EN COUSELO. PLAN + PROVINCIA 2025 (exp: 2025020475)”, cuxo orzamento ascende a 114.798,99 euros. O orzamento de 114.798,99 euros contempla 106.667,79 euros de execución de obra, 4.428,60 euros de honorarios de redacción de proxecto, 2.964,50 euros de honorarios de dirección de obra e 738,10 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia, xunto coa acta de trazado previo (anexo III) e o acordo ou resolución de aprobación do proxecto que figura no expediente. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cuntis*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



8.35218.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN E SINALIZACIÓN EN VIAL ANTIME ENTRE URBANIZACIÓN MIÑOR E CRUCE EN PIQUETES, FASE P” (EXPTE.2025021798)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025025064, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do Concello de Gondomar na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 176.503,68 euros, co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN E SINALIZACIÓN EN VIAL ANTIME ENTRE URBANIZACIÓN MIÑOR E CRUCE EN PIQUETES. FASE P” (expdte 2025021798).

Deste modo, a petición do Concello de Gondomar queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2025- €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2025	176.503,68	176.503,68	0,00	0,00

- En datas posteriores, o Concello de Gondomar completa a documentación achegada.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación e da Xefa do Servizo de Cooperación, de data 16/04/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, unha subvención por importe de 176.503,68 euros, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN E SINALIZACIÓN EN VIAL ANTIME ENTRE URBANIZACIÓN MIÑOR E CRUCE EN PIQUETES, FASE I” (exp: 2025021798), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe. Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación da axuda económica, a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da entidade Augas de Galicia.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Gondomar*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.35219.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN ROMEA, VILAMAIOR, FERVENZA, O CASTELO, A PENELA, CARRAGOSO, XIRÓN E COBAS” (EXPTE.2025020697)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2025, mediante rexistro WEB2025024322, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do Concello de Lalín na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 186.593,65 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS EN ROMEA, VILAMAIOR, FERVENZA, O CASTELO, A PENEDA, CARRAGOSO, XIRÓN E COBAS” (expdte 20250120697). A petición do Concello contempla unha subvención por importe de 178.818,62 euros para a execución da obra e unha axuda por un importe total de 7.775,03 euros que cubriría a asistencia técnica á redacción proxecto e levantamento topográfico e a asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Deste modo, a petición do Concello de Lalín queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2025- €	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2025	186.593,65	186.593,65	0,00	0,00

- En datas posteriores, o Concello de Lalín completa a documentación achegada.
- Por un erro administrativo, inicialmente o técnico municipal considerou que a execución do proxecto de obra non presentaba afeccións sectoriais. Posteriormente, tras unha análise máis exhaustiva da documentación técnica, no seu informe de data 28/04/2025 conclúe que para a execución da obra proposta son necesarias as preceptivas autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) e da Deputación de Pontevedra (Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais). Autorizacións que constan solicitadas e que están pendentes de resolver.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/04/2025, da Xefa do Servizo de Cooperación, de data 25/04/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Lalín*, CIF: P3602400H, unha subvención por importe de 186.593,65 euros, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DA CAMIÑOS MUNICIPAIS EN ROMEA, VILAMAIOR, A FERVENZA, O CASTELO, A PENEDA, CARRAGOSO, XIRÓN E COBAS” (expdte 2025020697), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe. A subvención financia a execución de obra por importe de 178.818,62 euros e a asistencia técnica á redacción proxecto, levantamento topográfico, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por un importe total de 7.775,03 euros.
Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación da axuda económica, as autorizacións sectoriais do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA), da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Deputación de Pontevedra (Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Lalín*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.35220.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO EDIFICIO POLIDEPORTIVO DE O SEQUELO” (EXPTE.2025011214)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 06/03/2025, mediante rexistro WEB2025014746, rectificandos nas datas 01/04/2025 (WEB2025024271) e 07/04/2025 (WEB2025026228), formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de Marín* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 362.581,42 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora do Edificio Polideportivo de O Sequele*”, en base a un orzamento polo importe de 725.162,64 euros.
- En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- O *Concello*, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso fondos das Liñas 3 e 4 á Liña 1.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do ben sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 07/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 08/04/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Marín* CIF P3602600C a cantidade de 362.581,42 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora do Edificio Polideportivo de O Sequelo*” (CSV: M99XA16FSINZD7GB) (expediente: 2025011214), en base a un orzamento polo importe de 725.162,64 euros.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executadas a 31 de decembro de 2026 e xustificadas a 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente acordo ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



11.35221.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS-PUXEIROS DENDE O P.Q. 2+250 ATA O P.Q. 3+600 (CONCELLO DE MOS)” (EXPTE.2025021345)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 29/11/2024 o *concello de Mos* asina un convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para levar a cabo a execución da actuación “*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (concello de Mos)*” (expediente: 2024066945) quedando configurada a súa financiación mediante a achegas das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
<i>Deputación de Pontevedra</i>	1.216.091,25	80
<i>Concello de Mos</i>	304.022,81	20
TOTAL OBRAS	1.520.114,06	100

- En data 02/04/2025, con número de rexistro WEB2025024749, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de Mos* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 23ª das reguladoras do Plan, solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 151.780,80 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *concello de Mos* para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (concello de Mos)*”, sendo o seu orzamento total de 1.520.114,06 euros e quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Achega doutra administración	Fondos proprios
1.520.114,06	151.780,80	1.216.091,25 (Deputación de Pontevedra)	152.242,01



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando cos informes favorables do persoal facultativo técnico do servizo de Infraestruturas e Vías provinciais.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento das autorizacións sectoriais do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Lingua e Xuventude e da Confederación Hidrográfica del Miño – Sil do Ministerio para la Transición Ecolóxica.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/a competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025, ordenación, instrución, procedemento e resolución.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2025.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos o informe da xefa do servizo de Cooperación, de data 30/04/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mos* CIF P3603300I a cantidade de 151.780,80 euros, con destino ao financiamento da achega municipal ao convenio formalizado coa Deputación de Pontevedra para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-2601 Mos-Puxeiros dende o P.Q. 2+250 ata o P.Q. 3+600 (concello de Mos)*” (expediente: 2025021345) sendo o seu orzamento total de 1.520.114,06 euros e quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Achega doutra administración	Fondos proprios
1.520.114,06	151.780,80	1.216.091,25 (Deputación de Pontevedra)	152.242,01

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
Unha vez concedida a subvención e previa aprobación e sinatura de convenio de colaboración, xerese crédito na correspondente aplicación orzamentaria e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto no Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o *concello de Mos* e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado da presente acordo ao *Concello de Mos*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.35222.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO ROSAL, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE ENERXÍA ELÉCTRICA” (EXPTE. 2025019161)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.



- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 28/03/2025, con rexistro núm.WEB2025022880, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello do Rosal na que solicita unha subvención por importe de 83.493,57 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente enerxía eléctrica*” (Expte.:2025019161), cun orzamento polo mesmo importe.
- O concello solicita o traspaso de 68.099,18 euros da liña 1-investmentos a liña 2. Así mesmo, remite certificado do interventor municipal indicando que non existen gastos ou investmentos de exercicios pechados para os que non exista crédito.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 22/04/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello do Rosal*, CIF:P3604800G, a cantidade de 83.493,57 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente enerxía eléctrica*” (Expte.:2025019161), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Rosal*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



13.35223.-

ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO AO PROXECTO DENOMINADO “+ MOBE: MOBILIDADE RURAL, SOSTIBLE E INCLUSIVA EN PONTEVEDRA” NO MARCO DA ORDE DO 27 DE XUÑO DE 2024 DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTOS INNOVADORES PARA A TRANSFORMACIÓN TERRITORIAL E A LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2024. (EXPTE.2024053411)

No expediente consta o informe da xefa de Servizo de Cooperación que literalmente transcribe:

“Á vista da notificación de concesión de subvencións, remitida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico en data 11/04/2025 e número de rexistro 2025006161, con destino ao proxecto “+ MOBE: Mobilidade rural, sostible e inclusiva en Pontevedra” e co obxecto de aceptar a axuda para o financiamento de proxectos innovadores promovidos por Entidades Locais para transformación territorial e a loita contra a despoboamento, publicada o 11/04/2025 no portal web do citado Ministerio e convocada mediante a Orde de 27 de xuño do 2024, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou a Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión de subvencións co obxecto de financiar proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento («Boletín Oficial do Estado» núm. 290, do 4 de decembro de 2021). Posteriormente, o día 29 de xuño de 2024 publicouse o “Extracto da Orde do 27 de xuño de 2024 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos promovidos por entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, durante o exercicio de 2024” (BOE núm. 157).
- No artigo 3 da Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento establece que poderán ser beneficiarios as Deputacións Provinciais.
- Mediante a Resolución Presidencial número RP2024006617, de data 09/08/2024 aprobouse a presentación da solicitude de subvención do proxecto denominado “MOBE + Rural: Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra” no marco da convocatoria de subvencións para o financiamento de proxectos promovidos por entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, durante o exercicio de 2024 do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- En data 30/12/2024, con número de rexistro 2024023464, recibíuse a proposta de resolución provisional estimatoria para o proxecto “+ MOBE: Mobilidade rural, sostible e inclusiva en Pontevedra”; asinándolle o número de expediente A-380-24. Posteriormente, en data 11/04/2025, con número de rexistro 2025006161, recíbese no rexistro da Deputación a notificación da concesión da axudas ao abeiro da Orde do 27 de xuño de 2024 para o citado proxecto “+ MOBE: Mobilidade rural, sostible e inclusiva en Pontevedra”; sendo o importe da axuda concedida de 500.000,00 euros para un investimento total de 555.555,55 euros.



- Dada a premura dos prazos, en data 22/04/2025 e rexistro na de entrada REGAGE25e00034151268, remítese ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a Declaración de aceptación da subvención asinada polo representante legal da Deputación de Pontevedra.
- O obxecto do proxecto e mellorar a mobilidade e conectividade dos concellos reto demográfico da provincia mediante a promoción dun sistema de transporte público optimizado e o desenvolvemento de iniciativas innovadoras no eido da mobilidade.
- Polo que respecta ás condicións económicas do proxecto denominado “MOBE+RURAL: Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra” o seu custo total subvencionable cuantifícase en 555.555,55 € e a súa desagregación por tipoloxía de actuación e custe detállase na seguinte táboa:

Nome da liña	Orzamento total (€)	% sobre o total
Estudio participativo de mobilidade rural	17.700,00 €	3,19 %
Servicio piloto de transporte público optimizado	438.300,00 €	78,89%
Sistema de información e sinalización	73.155,55 €	13,17%
Laboratorio de solucións innovadoras en mobilidade rural	10.700,00 €	1,93%
Plan de sustentabilidade e transferencia	15.700,00 €	2,83%
Totais	555.555,55	100,00%

- O cadro financeiro do proxecto desglosase a continuación:

MOBE + Rural: Mobilidade Rural Sostible e Inclusiva en Pontevedra			
	Axuda concedida	Financiación propia	Custo total elixible
TOTAL ORZAMENTO	500.000,00 €	55.555,55 €	555.555,55 €

- En canto ao cadro financeiro do proxecto correspondente por anualidades é o que se desagrega a continuación:

Entidade	Execución no 2025	Execución no 2025 (100% do investimento elixible admitido)
Axuda concedida Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico	500.000,00 €	500.000,00 €
Aportación Deputación (fondos propios)	55.555,55 €	55.555,55 €
Total	555.555,55 €	555.555,55 €

- En canto á execución do proxecto está previsto que se inicie a tramitación administrativa trala concesión da axuda solicitada sendo o prazo máximo de execución dos proxectos subvencionados o 31 de decembro do 2026.



II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento (BOE núm. 290) e a Orde do 27 de xuño de 2024 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos promovidos por entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, durante o exercicio de 2024.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- De conformidade co previsto no artigo 11.5 da Orde do 27 de xuño de 2024 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos promovidos por entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, durante o exercicio de 2024” os beneficiarios deberán comunicar ao órgano instrutor, a través da sede electrónica e no prazo de dez días hábiles desde a data da recepción da resolución pola que se acorde a concesión da axuda, a aceptación da resolución e das condicións nela impostas, ou a súa renuncia á financiación proposta. A falla de aceptación expresa por parte do beneficiario, nos termos previstos anteriormente, suporá a renuncia do mesmo.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.



- *Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente

- *De conformidade co previsto no artigo 11.5 da Orde do 27 de xuño de 2024 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos promovidos por entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, durante o exercicio de 2024” os beneficiarios deberán comunicar ao órgano instrutor, a través da sede electrónica e no prazo de dez días hábiles desde a data da recepción da resolución pola que se acorde a concesión da axuda, a aceptación da resolución e das condicións nela impostas, ou a súa renuncia á financiación proposta. A falla de aceptación expresa por parte do beneficiario, nos termos previstos anteriormente, suporá a renuncia do mesmo.*
- *En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúese a Xunta de Goberno.*

III. CONCLUSIÓN

A Deputación de Pontevedra solicitou unha axuda con cargo ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para a posta en marcha do proxecto “MOBE + Rural: Mobilidade rural sostible e inclusiva en Pontevedra” no marco da Orde do 27 de Xuño de 2024 pola que se convocan subvencións para o financiamento de proxectos promovidos por entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, durante o exercicio de 2024.

Con data 11/04/2025, recíbese a notificación da concesión da axuda no rexistro da Deputación a notificación da concesión da axuda solicitada para o citado proxecto “+ MOBE: Mobilidade rural, sostible e inclusiva en Pontevedra”; sendo o importe da axuda concedida de 500.000 euros para un investimento total de 555.555,55 euros.

No apartado 11.5 da citada Orde do 27 de Xuño de 2024 establécese que os beneficiarios deberán comunicar ao órgano instrutor, a través da sede electrónica e no prazo de dez días hábiles desde a data da recepción da resolución pola que se acorde a concesión da axuda, a aceptación da resolución e das condicións nela impostas, ou a súa renuncia á financiación proposta. Para dar cumprimento a dito trámite remitiuse ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a Declaración de aceptación da subvención asinada polo representante legal da Deputación de Pontevedra, con data 22/04/2025 e rexistro de entrada na sede do Ministerio número REGAGE25e00034151268.

Cabe destacar que na Orde do 27 de xuño de 2024, no seu apartado 12 se establece que o pago da subvención realizárase con carácter anticipado polo 100 % da subvención concedida, tramitándose de oficio polo órgano instrutor tras a notificación da concesión da subvención e a recepción da aceptación da mesma por parte do beneficiario.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do devandito proxecto é necesario realizar a aprobación dos mesmos, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 500.000,00 euros correspondente á subvención concedida mediante a resolución de concesión de axuda de data 11/04/2025, con numero de rexistro 2025006161.

Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 55.555,55 euros.

Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª das de execución dos orzamentos provinciais, abríranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.



Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, inicianse os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación deste expediente e propono a aceptación da axuda ao proxecto denominado “MOBE + Rural: Mobilidade rural sostible e inclusiva en Pontevedra” no marco da convocatoria de subvencións para o financiamento de proxectos promovidos por entidades locais para o financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, durante o exercicio de 2024 do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 08/05/2025, e da Intervención Provincial de data 09/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico ao proxecto denominado “+ MOBE: Mobilidade rural, sostible e inclusiva en Pontevedra” para a súa execución, mediante a Resolución de concesión de axudas para o financiamento de proxectos innovadores promovidos por entidades locais para a transformación territorial e a loita contra a despoboación, de data 11/04/2025 e con numero de rexistro 2025006161, convocadas mediante a Orde de 27 de xuño de 2024, sendo o importe da axuda concedida de 500.000,00 euros para un investimento total de 555.555,55 euros.
- Aprobar o gasto cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

Entidade	Execución no 2025	Execución no 2025 (100% do investimento elixible admitido)
Axuda concedida Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico	500.000,00 €	500.000.00 €
Aportación Deputación (fondos propios)	55.555,55 €	55.555,55 €
Total	555.555,55 €	555.555,55 €



- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 55.555,55 € na aplicación que abra do orzamento provincial no correspondente proctos de gasto cun código de proxecto de gastos específico coa denominación: “250000X - MOBE + Rural: Mobilidade rural sostible e inclusiva en Pontevedra” permitindo un seguimento contable diferenciado durante a vida do proxecto e unha pista de auditoría individualizada.
- Cumprir co establecido na Orde TED/1358/2021, do 1 de decembro, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, na Orde do 27 de xuño de 2024 e demais normativa de aplicación en relación as obrigas, termos da concesión así como as condicións trala aceptación da axuda.
- Darlle traslado do presente acordo á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

14.35224.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “ILUMINACIÓN MONUMENTAL E PAISAXÍSTICA E MELLORA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NA PARCELA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR” INCLUÍDO NO PROGRAMA DE MELLORA DA COMPETITIVIDADE E DE DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO CON USO TURÍSTICO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. (EXPTE.2022070370)

Resultando.- Que o Castelo de Soutomaior e os seus xardíns reciben un elevado número de visitantes, polo que é preciso que dispoña, entre outras, dunhas instalacións eléctricas e de iluminación acordes ás súas necesidades actuais e en perfecto estado, adecuadas o espazo histórico no que se sitúan, que permitan contemplar, identificar e enaltecer os elementos arquitectónicos, ornamentais e vexetais que existen no interior da parcela e castelo.

Resultando.- Que debido ao estado actual das instalacións eléctricas e de iluminación existentes do castelo como resultado das características construtivas desta edificación, do transcurso do tempo e das demandas xeradas logo da súa posta en valor no ano 2017; resulta necesaria a realización de obras de dotación, reforma, adaptación, mantemento e conservación básicas sobre estas instalacións, de xeito que se poida ofrecer un espazo de calidade para os visitantes deste ben. En consecuencia, as necesidades a satisfacer coas obras proxectadas están relacionadas coa procura de melloras nas condicións de seguridade de utilización, así como, da eficiencia enerxética.



Resultando.- Que na súa consecuencia redactouse polo enxeñeiro técnico industrial Don Antonio García Álvarez o proxecto de obras “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” cun orzamento base de licitación de 2.005.921,47 € IVE Incluído. Este proxecto divídese en dous documentos, o Proxecto técnico ó que se lle asignou o CSV: R3WNYM4B48IRJA6X e o proxecto de intervención con CSV: 13MHD2RLWZJYD0FE

Resultando.- Que o 12 de abril de 2023 publicouse o Extracto da Orde do 22 de decembro de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente á Orde ICT/1363/2024, do 22 de decembro (BOE 09/01/2023), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio Histórico con uso turístico e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2022, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Resultando.- Que en consecuencia, a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, presenta o proxecto de mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior a través da iluminación, a accesibilidade e tecnoloxía de realidade virtual á convocatoria do Programa de Mellora da competitividade e de dinamización do Patrimonio Histórico con uso turístico.

Resultando.- Que o 22 de novembro de 2024, co núm. de rexistro 2024021542, a Secretaría de Estado de Turismo Ministerio de Industria e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión de axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico, na que se propón a axuda solicitada á convocatoria á Deputación de Pontevedra. O 23 de decembro de 2024, co número de rexistro 2024023219, a Secretaría de Estado de Turismo Ministerio de Industria e Turismo, notificou a resolución definitiva.

Resultando.- Que a idoneidade desta contratación fundaméntase na: Lei 2/2016, 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 135, referente aos deberes de uso, conservación e rehabilitación das construcións, edificios e instalacións; - Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

Resultando.- Que en consecuencia do anteriormente recollido recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Turismo, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 2.005.921,446 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.3364.631.01 do vixente orzamento provincial, con número de operación 202500014678, acreditando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de febreiro de 2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Antonio García Álvarez, cun orzamento base de licitación de 2.005.921,47€ IVE Incluído. Este proxecto divídese en dous documentos, o Proxecto técnico ó que se lle asignou o CSV: R3WNYM4B48IRJA6X e o proxecto de intervención con CSV: 13MHD2RLWZJYD0FE.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: QXBPL6JKILMEIZL6 informe do Secretario Xeral da Deputación no que se recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos art. 122 da LCSP e 67 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, informándose o expediente de xeito favorable...*”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 69HEX62FL0ASSBD1, informe de fiscalización do expediente no que se recolle o seguinte: “...*con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA. A pesares de que a presente contratación se financia ó 100% polo Ministerio de Industria e Turismo (Fondos NextGenerationEU), deben terse en conta outros gastos adheridos á mesma, como poden ser excesos de medición (na parte de obra), seguridade e saúde, control arqueolóxico, e demais que poidan xurdir durante a súa execución e que supoñan un incremento do gasto, o cal podería ser financiado con cargo á baixa de adxudicación, no seu caso, e sempre que, de acordo coas Bases reguladoras das axudas, sexan gastos elixibles dentro do proxecto ou, pode suceder que teñan que ser financiados con fondos propios da Deputación, para o cal deberá contarse coa suficiente dotación orzamentaria. Ademais, dado a data na que nos atopamos, que se recolle un prazo de execución de 303 días, e que os todos os proxectos subvencionados deberán estar executados como máximo antes do 31 de marzo de 2026, cabe advertir do risco de perda da subvención europea de non acreditarse o cumprimento dos prazos e da posible esixencia de responsabilidades e os prexuízos económicos que suporía para esta Administración. Sería convinte recoller nos pregos que a Deputación se reserva a facultade de renunciar á adxudicación do contrato no caso de que non sexa posible o cumprimento dos prazos de execución do proxecto. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente.*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”



Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior* cun orzamento base de licitación de 2.005.921,47 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.657.786,34 €
IVE (21%).....	348.135,13 €
Importe Total.....	2.005.921,47 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): PVAVR36K417C7ZTD, e o prego de prescricións que se divide en dous documentos, o Proxecto técnico ó que se lle asignou o CSV: R3WNYM4B48IRJA6X e o proxecto de intervención con CSV: 13MHD2RLWZJYD0FE, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 2.005.921,47 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.3364.631.01 (Proxecto de gasto 92510001) do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 30 días naturais desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



15.35225.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA
CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DAS FESTAS GASTRONÓMICAS DE
INTERESE TURÍSTICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
EMPREGANDO FOOD TRUCKS. (EXPTE.2024084008)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra ostenta como competencia propia a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial, como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, que contará coa participación dos axentes turísticos (públicos e privados) e a poboación local da provincia de Pontevedra.

Resultando.- Que o servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra desenvolve a promoción dos recursos e infraestruturas turísticas do destino Rías Baixas, a través da organización e realización de accións encamiñadas a atraer o turismo, a mellorar a comunicación da imaxe de marca do destino Rías Baixas, a realización e promoción de estudos turísticos, o desenvolvemento de proxectos que contribúan á creación de produto turístico ou á comercialización deste, entre outras.

Resultando.- Que neste senso e tal como se recolle na Estratexia Rías Baixas Turismo 61, un dos principais recursos turísticos do noso destino é a gastronomía, cuxa promoción resulta fundamental para a consecución dos fins do Servizo de Turismo Rías Baixas. Con esta actuación preténdese situar á gastronomía coma un vector transversal da estratexia turística e aproveitar o potencial que ten a provincia como destino gastronómico. Se, ademais, xuntamos gastronomía e Festa de Interese Turístico, o resultado é un produto de excepcional importancia para o noso destino.

Resultando.- Que o servizo de Turismo Rías Baixas non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as prestacións obxecto do contrato, xa que se tratan de traballos que conlevan un grao de cualificación e dedicación imposibles de garantir ao non contar cos medios necesarios en estrutura e onde interveñen diversos profesionais, que en ocasións, dedícanse en exclusiva a estes servizos, esixindo un grao de especialización singular. Ademais, tampouco resulta conveniente nin necesario, por parte de esta institución, ampliar os medios humanos existentes, nin dispoñer dos mesmos dado o carácter de especialización e a intermitencia na necesidades dos mesmos.

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 26 de decembro de 2024 e CSV: 59S1XHF2GU1M76WR, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, emite providencia no que, co visto e prace da deputada delegada, se propón a contratación da “*campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra empregando food trucks*”, para a realización de ata un máximo de 366 de degustacións a desenvolver nos 61 concellos integrantes da provincia de Pontevedra. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación.

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Resultando.- Que visto o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 19 de febreiro de 2025 e CSV: 6SOH28MR10Z0CBUI.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que con data 10 de marzo de 2025 pola servizo de Rías Baixas emítese informe complementario mediante o cal se introducen correccións na providencia de inicio (CSV: 63PKC97C38MPO11P). No mesmo, detectouse un erro aritmético en relación ao orzamento base de licitación polo que, con data 11 de marzo de 2025, a xefa do servizo emite unha dilixencia rectificativa (CSV: VQK0M8AUGXSEZISP).

Resultando.- Que debido ás alteracións no orzamento base de licitación, contempladas nos documentos arriba citados, na mesma data, pola Intervención emítese documento RC número 12025000034917, polo importe de 276.470,79 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.4320.226.20, que substitúe á anterior operación contable, a cal foi barrada pola operación RC/ número 12025000034766.

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 11 de marzo de 2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo).

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 12 de marzo de 2025 e CSV: RA26D1BQI3M0TWII, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense criterios avaliábles mediante xuízo de valor. A este respecto sinalar que con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Nos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor en xeral, debe estar perfectamente definido o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Polo que, no informe técnico de valoración das ofertas deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/ subcriterio.”

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Considerando-. Que tendo en conta o contemplado no artigo 131.2 LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Considerando-. Que en virtude dos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando-. Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*campaña de promoción das festas gastronómicas de interese turístico da provincia de Pontevedra, empregando food trucks*”, pola cantidade máxima de 276.470,79 € (IVE engadido), para un máximo de 366 degustacións a desenvolver nos 61 concellos da provincia de Pontevedra, que se desagrega como segue:

Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe total (co IVE)
228.488,25 €	47.982,53 €	276.470,79 €

O prezo unitario de licitación fixado por degustación é o seguinte:

Concepto	Unidades máximas estimadas	Prezo unitario de licitación (sen IVE)	IVE (21%)	Importe total de licitación (co IVE)
Degustación	366	624,28 €	131,10 €	755,38€

O valor estimado é de 228.488,25 euros.



O prazo de duración será de 5 meses, a contar dende a data de formalización do contrato.

A actividade será desenvolvida nos 61 concellos que integran a provincia de Pontevedra, debendo de levala a cabo durante 1 día, como mínimo, en cada un dos concellos, non podendo permanecer máis de 3 días en ningún deles. En termos semanais, o servizo prestarase, alo menos, durante 5 días, non podendo exceptuarse, en ningún caso, sábados, domingos ou festivos.

Non se prevén prórrogas para esta contratación.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: PRT8CGIEPB61D9Y6) e de prescricións técnicas (CSV: JKUODUJ9DS409AXM) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 276.470,79 euros, con cargo á seguinte aplicacións orzamentaria do vixente orzamento provincial:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/433.4320.226.20	276.470,79 €

4.- Nomear responsable do contrato á xefa do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

16.35226.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN NÚMERO 2 DO CONTRATO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (EXPTE.2024002812)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de abril de 2024, acordou a adxudicación do contrato “servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra” á empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842) polos seguintes prezos:

Prezo a tanto alzado para tres anos de contrato (sen IVE)	1.698.776,70 €
IVE (21%)	356.743,11 €
Prezo a tanto alzado para tres anos de contrato (IVE engadido)	2.055.519,81 €



O contrato formalizouse en documento administrativo de data 22 de maio de 2024, fixando un prazo de duración de tres anos, con efectos desde o día 22 de maio de 2024 ata o 21 de maio de 2027, con posibilidade dunha prórroga anual.

Resultando.- Que ata a data, o contrato *“servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra”* foi obxecto dunha modificación para a adhesión do concello de Vilanova de Arousa ao *“Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica”*.

Resultando.- Que dita modificación foi aprobada por Xunta de Goberno, na sesión ordinaria de data 4 de abril de 2025, a cal supuxo un incremento do prezo mensual de 1.410,82 € (IVE engadido), resultando o prezo do contrato modificado en 2.091.764,29 € (IVE engadido).

Resultando.-Que con data 18 de marzo 2025, o Concello de Ribadumia manifesta o seu interese na adhesión ao *“Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica”*, asinado en data 8 de abril de 2025.

En consecuencia, mediante Resolución Presidencial nº 2025002651, de data 7 de abril 2025, aprobouse o *“convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia para a prestación de servizos de administración electrónica”*, o cal remata o día 10 de marzo de 2027.

Resultando.-Que con data 16 de abril de 2025, o responsable do contrato, xunto co deputado delegado da Área de Novas Tecnoloxías e Contratación, propón a modificación do contrato para a incorporación do concello de Ribadumia.

A contía anual da modificación proposta, tendo en conta o custo estimado de incorporar ao devandito concello, calculado en función do rango de poboación e unha vez aplicada a porcentaxe de baixa ofertada pola empresa adxudicataria, estímase en 16.251,59 € (13.431,07 €, máis 2.820,52 € correspondentes ao 21% de IVE). Deste xeito, considérase un escenario de implantación que abrangue desde 1 de setembro de 2025 ata o 21 de maio de 2027, data de finalización do contrato vixente.

Resultando.- Que consta no expediente o documento RC número 12025000073723, polo importe de 3.141,86 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/926.9260.227.06 e documento RCFUT número 12025000073729, polo importe 9.425,58 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/926.9260.227.06 do orzamento provincial.

Resultando.- Que visto o informe conxunto do servizo de Contratación, Secretaría e Intervención, de data 02 de maio de 2025 (CSV: MO130Y07SPXKCIS3), no que se conclúe o seguinte:

“A aprobación do “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Ribadumia para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica” supón a colaboración co devandito concello para a prestación de servizos de administración electrónica.



Dita circunstancia, prevista como causa de modificación do contrato na cláusula 19 do prego administrativo regulador do “servicio de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra”, motiva a necesidade de ampliar a prestación do servizo no concello de Ribadumia.

Polo exposto, tendo en conta o informe da responsable do contrato e visto que a citada modificación cumpriría o alcance, límite e natureza previsto nos pregos, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, considérase procedente que sexa acordada, nestes termos, polo órgano de contratación, se así o estima oportuno, e previos os preceptivos informes da Secretaría e da Intervención.”

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 190 da LCSP, segundo o cal, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na Lei, o órgano de contratación ostenta, entre outras, a prerrogativa de modificar os contratos administrativos por razóns de interese público.

Segundo o artigo 203 da LCSP, segundo o cal os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;
- Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 204 LCSP, na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato preveuse a posibilidade de modificación, fixando o seu alcance, límites e natureza nos seguintes termos:

“Prevense as seguintes modificacións:

- Previsión da incorporación dos Concellos de Ribadumia, Marín e Vilanova durante a execución do contrato.”*

Para calcular o prezo a pagar a maiores por este servizo teranse en conta os seguintes prezos segundo o rango de poboación de habitantes, conforme a seguinte táboa:

Rango de poboación (nº habitantes)	Entidade	Prezo unitario licitación (anual sen IVE)	IVE (21%)	TOTAL (anual co IVE)
De 5.000 a 7.500	Ribadumia	7.850,10 €	1.648,52 €	9.498,62 €
De 10.001 a 15.000	Vilanova de Arousa	14.100,00 €	2.961,00 €	17.061,00 €
De 20.001 a 30.000	Marín	20.500,00 €	4.305,00 €	24.805,00 €
TOTAL				51.364,62 €

Estas cantidades prorrátanse en función dos meses en que se preste o servizo.”

Entre as causas obxectivas que poderían dar lugar á tramitación dun modificado, polo tanto, o prego prevé a incorporación do concello de Ribadumia, circunstancia concorrente no presente caso, pola aprobación do “convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia para a prestación de servizos de administración electrónica”.



O cambio supón un incremento mensual do prezo do contrato de 785,47 € (649,15 €, máis 136,32 € correspondentes ao 21% de IVE), financiado con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.227.06 do orzamento provincial, pasando a prestación do servizo a ter un prezo mensual modificado de 59.294,06 € (IVE engadido).

Considerando.- Que a modificación deberá tramitarse nos termos previstos no artigo 203 e seguintes da LCSP, formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP, e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 LCSP.

Considerando.- Que de conformidade co artigo 109.3 LCSP, a empresa adxudicataria, deberá reaxustar a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique o acordo de modificación.

Considerando.- Que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a modificación número 2 do contrato de *“servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra”*, subscrito coa empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842), para a incorporación do concello de Ribadumia á execución do contrato. Considérase un escenario de implantación que abrangue desde 1 de setembro de 2025 e ata o 21 de maio de 2027, data de finalización do contrato vixente.

A modificación supón un incremento no prezo mensual de 785,47 € (IVE engadido), sendo o importe mensual trala modificación de 59.294,06 € (IVE engadido).

O prezo do contrato pasa a ter o seguinte prezo modificado:

Prezo modificado (sen IVE)	1.742.161,89 €.
IVE (21%)	365.853,99 €
Prezo modificado (IVE engadido)	2.108.015,88 €

2.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 16.251,59 euros (IVE engadido), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 (01/09 ao 31/12)	25/926.9260.227.06	3.141,86 €
2026	26/926.9260.227.06	9.425,58€
2027 (01/01 ao 21/05)	27/926.9260.227.06	3.684,15 €
TOTAL		16.251,59 €



En todo caso, os gastos que se deriven da presente modificación para os exercicios 2026 e 2027 quedará condicionado á aprobación do orzamento provincial e a existencia de crédito adecuado e suficiente en ditas aplicacións.

Asemade, dado que o “*convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia para a prestación de servizos de administración electrónica*” remata o 10 de marzo de 2027, a modificación do contrato para o período comprendido entre o 11 de marzo e o 21 de maio de 2027, quedará condicionada á sinatura por parte do Concello de Ribadumia, da I addenda ao convenio, cuxo fin será a ampliación da vixencia do mesmo, o cal é fundamental para seguir prestando o servizo obxecto do contrato.

O cadro de financiamento previsto poderá sufrir variacións en función da data efectiva de inicio da implantación do servizo.

3.- Requerir a empresa ESPUBLICO Servicios para la Administración, S.A. (CIF: A-50.878.842) para que, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a reaxustar a garantía definitiva constituída para este contrato para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (a garantía pasará de ter un importe de 86.436,55 euros a un importe de 87.108,10 euros).

17.35227.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NA 32ª EDICIÓN DA BIENAL DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2025001191).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de marzo de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de marzo de 2025. Na mesma data, publicanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 24 de marzo de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.



Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 24 de abril de 2025, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa ALCOR SEGURIDAD, S.L. (CIF: B27382175), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2025003293, de 28/04/2025 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa ALCOR SEGURIDAD, S.L. (CIF: B27382175), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa ALCOR SEGURIDAD, S.L. (CIF: B27382175) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025033968, de data 07/05/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 6.975,00€ (carta de pago núm. operación 12025000078873, do 10/05/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de servizo de “*Seguridade e Vixilancia na 32ª edición da Bienal de Pontevedra*” á empresa ALCOR SEGURIDAD, S.L. (CIF: B27382175) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo ofertado para a prestación do servizo:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
139.500,00€	29.295,00€	168.795,00€

- A empresa oferta un sistema de control de rondas a tempo real.
- A empresa ofrece un sistema de control informático de medios do servizo.
- A empresa ofrece 3 visitas semanais a todos os espazos da persoa inspectora do servizo.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2025 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 333.3341.227.99 (proxecto de gasto da Bienal 4_0019) do vixente orzamento provincial. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento á empresa adxudicataria realizarase contra a presentación da factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada polo responsable do contrato designado pola Deputación de Pontevedra, con periodicidade mensual.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2025001191	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Cruz Farto Justo, Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.



18.35228.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE GAMELEIROS ASODIÑA, DO CONCELLO DE VIGO, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REPARACIÓN DUNHA GAMELA GUARDESA A VELA, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 12/07/2024 (EXPTE.2024027125)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (acordo núm. 20.33496), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 29 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 43). Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 12 de xullo de 2024 (acordo núm. 2.34017), acordou concederlle á Asociación de Gameleiros Asodiña (CIF: G36870012) unha achega de 2.659,00 euros para a reparación dunha gamela guardesa a vela, con cargo á aplicación 25/332.3322.789.01.2024 do vixente Orzamento provincial.

Con data 30 de marzo de 2025, número de rexistro WEB2025023352, a Asociación de Gameleiros Asodiña presenta renuncia á subvención concedida no seu día por non poder xustificar a tempo os traballos de recuperación da gamela guardesa a vela.

Con data 2 de abril de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa favorablemente esta proposta de renuncia e solicita a fiscalización do expediente e a conformidade da área de Intervención.

Con data 7 de maio de 2025, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024.
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base reguladora 13ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).



Con suxeición ao antedito, a Asociación de Gameleiros Asodiña presenta, o 30 de marzo de 2025, a solicitude formal de renuncia á subvención para a reparación dunha gamela guardesa a vela, ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 2 de abril de 2025 (CSV:D09OTXNQ0MOB753B), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 7 de maio de 2025 (CSV: EJJX5WF4JQDJB6E2Z), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Dar conta e aceptar a renuncia da *Asociación de Gameleiros Asodiña* á subvención concedida para a reparación dunha gamela guardesa a vela, ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado deste acordo á *Asociación de Gameleiros Asodiña*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

19.35229.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN SODINÁUTICA DO CONCELLO DE CANGAS, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REPARACIÓN DO GALEÓN CASILDA UNO, APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 12/07/2024.(EXPTE.2024027318)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024, aprobou as Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (acordo núm. 20.33496), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 29 de febreiro de 2024 (BOPPO núm. 43). Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 12 de xullo de 2024 (acordo núm. 2.34017), acordou concederlle á Asociación Sodináutica (CIF: G364796142) unha achega de 2.600,00 euros para a reparación do galeón “Casilda Uno”, con cargo á aplicación 25/332.3322.789.01.2024 do vixente Orzamento provincial.

Con data 30 de marzo de 2025, número de rexistro WEB2025023370, a Asociación Sodináutica presenta renuncia á subvención concedida no seu día por incidencias meteorolóxicas que danaron a embarcación e o motor, prexudicando a reparación do galeón.

Con data 2 de abril de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa favorablemente esta proposta de renuncia e solicita a fiscalización do expediente e a conformidade da área de Intervención.



Con data 7 de maio de 2025, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024.
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base reguladora 13ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.



Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Asociación Sodináutica presenta, o 30 de marzo de 2025, a solicitude formal de renuncia á subvención para a reparación do galeón “Casilda Uno”, ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 2 de abril de 2025 (CSV:B9K2APZCF24G0GQ7), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 7 de maio de 2025 (CSV: NLSOLL8MNEWEP RRK), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Dar conta e aceptar a renuncia da *Asociación Sodináutica* á subvención concedida para a reparación do galeón “Casilda Uno”, ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2024.



- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado deste acordo á *Asociación Sodinántica*, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

20.35230.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTE.2025026924)

Vista a relación de operacións con número 2025026924 (CSV: 5B5ONUAK09M6HWNS), que contén 1 operación por un importe de 565,14 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	565,14€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	565,14€

21.35231.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
(EXPTES.2025026923, 2025027236, 2025029561 E 2025028699)

a) Vista a relación de operacións con número 2025026923 (CSV: 4CYIM0M2VHQHD884), que contén 5 operacións por un importe de 15.660,45 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	15.660,45€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	15.660,45€



b) Vista a relación de operacións con número 2025027236 (CSV: 564Y1UDDQPJRP6QJ), que contén 3 operacións por un importe de 2.761,49 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	2.761,49€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	2.761,49 €

c) Vista a relación de operacións con número 2025029561 (CSV: 243NPGVLVETS3UU5), que contén 1 operación por un importe de 663,00 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	786,50€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	123,50€
Total líquido	663,00€

d) Vista a relación de operacións con número 2025028699 (CSV: 41VSXE2857F9NO3X), que contén 1 operación por un importe de 45,04 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	45,04 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	45,04€



22.35232.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA
SUBMINISTRACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DAS
INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR CORRESPONDENTE CO
PR-D5000-2021-00382 DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA
INVERSIÓN A PROXECTOS SINGULARES LOCAIS E ENERXÍA LIMPA EN
MUNICIPIOS DE RETO DEMOGRÁFICO, PROGRAMA DUS 5000.
(EXPTE.2025005763)

Con data 31/03/2025 o Deputado Delegado de Acción comunitaria, Equipamentos Públicos, Fondos Europeos e Estación Fitopatolóxica de Areeiro, dictou providencia de inicio pola que se solicita ao Servizo de contratación a iniciación do expediente para a contratación da Subministración e execución das obras de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico, Programa DUS 5000 que comprende as seguintes actuacións:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións
1	Iluminación exterior sostible XV (PR-D5000-2021-000382)	Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cuntis Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Dozón. Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Pontecesures. Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Ribadumia. Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Rodeiro
2	Iluminación exterior sostible XV (PR-D5000-2021-000382)	Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de a Cañiza Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cerdedo-Cotobade. Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Fornelos de Montes Proxecto 2.4 Renovación das instalación de iluminación exterior no Concello de Tomiño.



Xustifícase a necesidade do contrato no marco competencial da Deputación que, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial, a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia o devantido proxecto.

Nestes proxectos perséguese a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación exterior dos concellos mencionados coa finalidade de reducir o seu consumo enerxético e emisións de dióxido de carbono, mediante a substitución das lámpadas actuais con baixo rendemento por luminarias LED, e a súa financiación principal provén da convocatoria de subvencións definida no Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, que regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Publicada a convocatoria no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas; BDNS ID.: 578594). Este Real Decreto foi posteriormente modificado pola disposición final primeira do Real Decreto 991/2021, de 16 de novembro.

Para poder realizar dita substitución e os traballos de renovación das instalacións de iluminación que vaian asociados é preciso realizar a contratación cunha ou varias empresas externas que contén coa capacidade e os medios suficientes. Xustifícase, desta forma, a incoación dun expediente de contratación mediante o presente informe cuxo resultado último serán instalacións de iluminación máis eficientes e que cumpran cos regulamentos e normativa de aplicación.

Ratifícase a necesidade desta contratación por carecer a Deputación de Pontevedra dos medios e persoal suficiente coas habilitacións esixidas; polo volume de traballo existente e pola áxil execución que se require para cumprir cos prazos marcados polo IDAE.

Por acordo da Xunta de goberno de data 4 de abril de 2025, autorízase a publicación dun anuncio de información previa co fin de dar a coñecer o contrato proxectado. O anuncio de información previa enviouse ao DOUE e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8/04/2025.



Xunto coa providencia de inicio remítense ao servizo de contratación os proxectos de obra que foron redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Adrián Rodríguez Pardo, da empresa Proyectos y estudios técnicos de Galicia (B-27159730) (PROYESTEGAL S.L.), adxudicataria do contrato de Servizo de Asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes co expte PRD5000- 2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000, (Nº expte 2023076329) redactáronse os correspondentes proxectos de obra para cada unha das actuacións previstas. Os proxectos foron aprobados pola Xunta de Goberno na sesión do 21/04/2025 unha vez informados favorablemente pola intervención.

Na aplicación 25/942.1650.652.15 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, segundo se acredita mediante os correspondentes documentos de retención de crédito que constan no expediente.

Na memoria xustificativa csv A9L6YBLSMWQISX67, elaborada pola xefatura do servizo de contratación, o contrato califícase como contrato mixto que comprende prestacións de obra e de subministración establecendo que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto suxeito a regulación harmonizada, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico-administrativas. Asemade infórmase, que de conformidade co previsto no artigo 18.3 da LCSP “*nos casos nos que un elemento do contrato mixto sexa unha obra e esta supere os 50.000,00 euros deberá elaborarse un proxecto e tramitarse de conformidade cos artigos 231 e seguintes da LCSP*”.

Vistas asimesmo as actas de replanteo previo do lote nº 1 csv M9UJPWH019BA5QXM e do lote nº 2 csv MVFVAFXXOCVW72JI asinadas con data 9/05/2025.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 21/04/2025 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto o informe da Secretaría Xeral csv 17JGVSDXSAYDOZHN , de data 29/04/2025.

Visto que con data 29/04, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

A Xefa do servizo de Fiscalización en data 13-05-2025 , informa favorablemente o expediente e recolle as seguintes observacións (csv 5J71EXMIOEGYMR0M):

“1.-Considerando a porcentaxe de co-financiamento da contratación proposta con fondos europeos (ata un máximo do 85%) e os prazos de execución das obras esixidos para os 2 lotes, advírtese do risco de incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da axuda do IDAE e da perda da subvención europea coa posible existencia de responsabilidades e os prexuízos económicos que suporía para esta Administración. Polo que, con carácter previo á adxudicación e/ou formalización dos distintos lotes, deberase verificar a posibilidade de cumprimento dos prazos a efectos de, desistir da adxudicación ou da



formalización dos contratos naqueles supostos nos que se incumpra o prazo esixido pola citada resolución de concesión, de cada lote.

(...)

4.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.”

Tendo en conta o artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os contratos que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase. O réxime xurídico da preparación e adxudicación destes contratos determinarase de conformidade co establecido no referido artigo; e o dos seus efectos, cumprimento e extinción determinarase de acordo co disposto no artigo 122.2 LCSP. Cando comprendan prestacións propias de dúas ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos atenderase ao carácter da prestación principal para determinar as normas aplicables na adxudicación, sendo neste caso as propias do contrato de subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

De conformidade co establecido no artigo 119 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), e as especialidades establecidas no artigo 50 do RD-L 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o expediente gozará de preferencia para o seu despacho, e os prazos establecidos na LCSP, para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade por exceso, coas salvidades sinaladas en ditos artigos, e sen prexuízo do prazo que expresamente se conceda para a presentación de ofertas.

Tendo en conta o artigo 58 do Real Decreto-Lei 36/2020 de 30 de decembro polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que establece que o órgano de contratación non poderá formalizar o contrato ata que teñan transcorrido 10 días naturais a partir do día seguinte a notificación da resolución de adxudicación sendo o prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de dez días naturais e o artigo 2 referente ao ámbito de aplicación do mesmo.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da Subministración e execución das obras de renovación da instalación de Iluminación exterior correspondentes co expediente PR-D5000-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais de enerxía limpa, que comprende as seguintes actuacións e cun prazo de execución de dous meses a contar desde a sinatura da acta de comprobación do replanteo.

Lote	Denominación	Orzamento execución material	Orzamento base de licitación sen IVE (PEM+GG+BI)	Orzamento execución por contrata (I.V.E. engadido)
1	PROXECTO 1.1. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE CUNTIS	80.783,05 €	96.131,83 €	116.319,51 €
	PROXECTO 1.2. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE DOZÓN	15.487,00 €	18.429,53 €	22.299,73 €
	PROXECTO 1.3. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE PONTECESURES	37.084,41 €	44.130,44 €	53.397,83 €
	PROXECTO 1.4. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE RIBADUMIA	71.725,29 €	85.353,10 €	103.277,25 €
	PROXECTO 1.5. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE RODEIRO	168.685,00 €	200.735,15 €	242.889,53 €
Total lote 1			444.780,05 €	538.183,85 €



2	PROXECTO 2.1. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE A CAÑIZA	70.037,17 €	83.344,23	100.846,52 €
	PROXECTO 2.2. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE	113.070,00 €	134.553,30 €	162.809,49 €
	PROXECTO 2.3. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES	62.175,00 €	73.988,25 €	89.525,78 €
	PROXECTO 2.4. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE TOMIÑO	30.255,00 €	36.003,45 €	43.564,17 €
Total lote 2			327.889,23 €	396.745,96 €
Total Lote 1 e Lote 2			772.669,28€	934.929,81 €

2.-Autorizar o gasto por importe de 934.929,81 euros con cargo á aplicación orzamentaria 25/942.1650.652.15 do vixente orzamento provincial.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: KP4PSTEMSWJW97VY) que rexeirá dita contratación e os proxectos técnicos que se detallan a continuación:

Lote	Denominación do lote	Proxectos / actuacións	Código csv
1	Iluminación exterior sostible XV (PR-D5000-2021-000382)	Proxecto 1.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cuntis	PCLOIKTHQCH4YYUN
		Proxecto 1.2 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Dozón.	PXFHQSWZZ7JCTWM9
		Proxecto 1.3 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Pontecesures.	P7V9LZ6ZHAUJK93I
		Proxecto 1.4 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Ribadumia.	0LL16UWN7ZLSHRC9
		Proxecto 1.5 Renovación de las Instalacións de iluminación exterior no Concello de Rodeiro	0AF9F7W89E4HFI91



2	Iluminación exterior sostible XV (PR-D5000-2021-000382)	Proxecto 2.1 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de a Cañiza	P5WIL91HAV2EBL14
		Proxecto 2.2 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Cerdedo-Cotobade.	PL5JGSJ1GRZE118X
		Proxecto 2.3 Renovación das Instalacións de iluminación exterior no Concello de Fornelos de Montes	QN9OY5WL1M21SLK1
		Proxecto 2.4 Renovación das instalación de iluminación exterior no Concello de Tomiño.	Q7NTYBIDVIDYRNXS

4.- Nomear responsable do contrato ao xefe de sección de proxectos do servizo de Cooperación Alejandro Marín Gómez Nieves ou persona na que delegue.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

23.35233.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

24.35234.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

25.35235.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Vicepresidente, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Vicepresidente, comigo, o Secretario que dou fe.

